

27

Taxa polo servizo de  
sumidoiro.

**M O S****ANUNCIO**

Rematado o prazo de información pública do anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de 01 de agosto de 2012, núm. 147, referente ó acordo adoptado polo Pleno, en sesión celebrada o día 19 de xullo de 2012, sobre modificacións das seguintes Ordenanzas:

- 1) Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo servizo de sumidoiro.
- 2) Ordenanza reguladora da taxa pola prestación do servizo municipal de axuda no fogar.

En cumprimento do disposto no art. 17.4 do Texto Refundido da Lei de facendas Locais, aprobada por R.D. 2/2004, de 5 de marzo, quedan aprobadas definitivamente e fanse públicos os textos íntegros das citadas modificacións.

Mos, 27 de Setembro de 2.012.—A Alcaldesa, Nidia M<sup>a</sup>. Arévalo Gómez.

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO DE SUMIDOIRO****ARTIGO 1. FUNDAMENTO E NATUREZA.**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 144 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos



15 a 19 do R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa de Sumidoiro, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, cuxas normas atenden no previsto no art. 57 do citado R.D. Lexislativo 2/2004.

**ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBEL.**

1. Constitúe o feito imponible da Taxa:

- a) A actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar si se dan as condicións necesarias para autorizar a acometida da rede de sumidoiro municipal.
- b) A prestación dos servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais, a través da rede de sumidoiro municipal e o seu tratamento para depura-las.

2. Non estarán suxeitas á Taxa as fincas derruídas, declaradas ruinosas ou que teñan a condición de solar ou terreo, sempre que non fagan uso do sumidoiro.

**ARTIGO 3. SUXEITO PASIVO.**

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o art. 35 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, que sexan:

- a) Cando se trate da concesión da licenza de acometida á rede, o propietario, usufrutuario, ou titular do dominio útil da finca.
- b) No caso de prestación dos servizos do número 1.b) do artigo anterior, os ocupantes ou usuarios das fincas do Termo Municipal beneficiarios dos referidos servizos, calquera que sexa o seu título: propietarios, usufrutuarios, habitacionistas ou arrendatarios, incluso ocupantes en precario.

2. En todo caso, terá a consideración de suxeito pasivo substituto do ocupante ou usuario das vivendas ou locais o propietario destes inmobles, quen poderán repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os respectivos beneficiarios do servizo.

**ARTIGO 4. RESPONSABILIDADES.**

1. Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas á que se refiren os artigos 41 e 42 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

2. Serán responsábeis subsidiarios os Administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da referida Lei Xeral Tributaria.

**ARTIGO 5. EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS.**

Non se concederá exención nin bonificación algunha da presente Taxa, que non veña establecida en Tratados ou Acordos Internacionais ou en normas con rango de Lei.

**ARTIGO 6. COTA TRIBUTARIA.**

A cota tributaria desta taxa será a seguinte:

*1. – Dereitos de conexión:*

1.1 Cada vivenda .....	49,39 €
1.2 Cada local de negocio (mercantil ou profesional) .....	71,28 €
1.3 Cada taller ou similar .....	76,75 €
1.4 Cada restaurante .....	87,69 €
1.5 Hoteis, moteis, residencias, hostais, pensións ou similares .....	64,71 €
A mais por cada praza .....	2,03 €
1.6 Outros non incluídos nos apartados anteriores .....	49,86 €

2.—*Servizo de saneamento (importe anual)*

2.1 Cada vivenda .....	49,39 €
2.2 Cada local de negocio (mercantil ou profesional) .....	71,28 €
2.3 Cada taller ou similar .....	76,75 €
2.4 Cada restaurante .....	87,69 €
2.5 Hoteis, moteis, residencias, hostais, pensións ou similares .....	64,71 €
A mais por cada praza .....	2,03 €
2.6 Outros non incluídos nos apartados anteriores .....	49,86 €
3.—Vaciado de fosa séptica (por cada vaciado) .....	50,00 €

*Normas de aplicación en casos especiais:*

As vivendas e locais de negocio que consten de mais dun local a efectos do Imposto sobre Bens Inmóveis de Natureza Urbana, orixinarán tantas liquidacións como locais ó integren.

4.—*Execución de obras de conexión:*

Ata 5 metros .....	688,31 €
Cada metro de mais ou fracción .....	69,95 €

As obras realizaranse polo Concello directamente ou mediante empresas adxudicatarias ata 5 metros.

Os metros restantes poderán ser realizados polo/s interesado/s de conformidade coas características que se sinalan polo Concello, se os interesados así o solicitan.

**ARTIGO 7. DEVENGO.**

1. Devéngase a taxa e nace a obrigaçión de contribuír cando se inicie a actividade municipal que constitúe o seu feito impoñíbel, entendéndose iniciada a mesma:

- Na data de presentación da oportuna solicitude de licenza de acometida, se o suxeito pasivo a formulase expresamente.
- Dende que teña lugar a efectiva acometida da rede de sumidoiro municipal. O devengo por esta modalidade da taxa producirase con independencia de que se tivera obtido ou non a licenza de acometida e sen prexuízo da iniciación do expediente administrativo que poida instruírse para a súa autorización.

2. Os servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais, e a súa depuración teñen carácter obrigatorio para todas as fincas do municipio que teñan fachadas a rúas, prazas ou vías públicas nas que exista sumidoiro, sempre que a distancia entre a rede e a finca non exceda de cen metros, e devengarase a taxa aínda cando os interesados non procedan a efectuar a acometida a rede.

**ARTIGO 8. LIQUIDACION.**

1. Cando se presente a solicitude de licenza de acometida liquidarase e esixirase a taxa correspondente en calidade de depósito previo, unha vez comprobado polos técnicos correspondentes a viabilidade da conexión. No caso de aquelas solicitudes de enganches pendentes de execución que sexan anteriores ao ano 2.012, con rede xeral en funcionamento, podéndose acreditar debidamente este suposto, será de aplicación a taxa que figuraba vixente no momento da solicitude, non podendo ésta ser anterior a data en que se deu vía libre ao conxestionado a liña xeral, suposto no cal tería vixencia esta última

2. De se facer a acometida sen mediar solicitude procederase a liquidar e notificar a correspondente taxa, esixíndose o ingreso nos prazos previstos no artigo 62 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, sen prexuízo da apertura do correspondente expediente sancionador por infracción tributaria.

3. Unha vez autorizada a acometida, a xestión e recadación da taxa acomodarse o procedemento previsto para os valores recibo (Padrón, censo, matrícula, etc.).

#### *ARTIGO 9. INGRESO.*

1. As cotas da taxa liquidaranse e esixiranse no momento de presentar a solicitude, en calidade de depósito previo.

2. Cando se realice a acometida sen mediar solicitude esixirase nos prazos previstos no artigo 62 da Lei Xeral Tributaria.

3. Cando a taxa se exaccione por Padrón esixirase no período sinalado na mesma ou, no seu caso, no que acorde a Alcaldía e o ingreso farase efectivo no prazo previsto no devandito artigo 62 do texto legal antes citado.

4. Os ingresos efectuaranse na Tesouraría municipal ou no lugar que determine a Alcaldía.Presidencia.

#### *ARTIGO 10. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.*

Nesta materia estarse co disposto no artigo 181 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

Estabelecese unha sanción de 600,00 € por realizar conexións ilegais á rede de sumidoiro. Dita sanción será independente do pago da taxa de conexión ao sumidoiro e da abriga de repoñer o Concello os gastos íntegros que supuxera a reparación da rede xeral.

#### *DISPOSICIÓN ADICIONAL*

##### *PRIMEIRA. DECLARACIÓN DE ALTA.*

Os suxeitos pasivos substitutos do contribuínte formularán as declaracións de alta nos censos ou padróns da taxa e surtirán efectos tributarios no mesmo momento de presentar a declaración, podendo ratearse, no seu caso, por meses.

##### *SEGUNDA. DECLARACIÓN DE BAIXA.*

Os suxeitos pasivos substitutos do contribuínte formularán as declaracións de baixa no censo ou Padrón da taxa e surtirá efecto no período natural seguinte ao da presentación da mesma, podendo, no seu caso, ratearse por meses.

#### *DISPOSICIÓN FINAL.*

A presente Ordenanza Fiscal foi aprobada inicialmente polo Pleno na sesión ordinaria celebrada o día 17 de xullo de 2.012, entrando en vigor o mesmo día da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ate a súa modificación ou ate a derogación expresa da mesma.

Mos, 28 de Setembro de 2.012. — A Alcaldesa, Nidia M<sup>a</sup>. Arévalo Gómez.